

CIRCULAR 275

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

XANEIRO 2019

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Coordinador coa Sección de Psicología Educativa / TIC e Administración Electrónica



Ana Isabel Martínez Arranz

Secretaria / Coordinadora do GIPCE



Sandra Fernández Rodríguez

Vicesecretaria / Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional / Coordinadora coa Comisión de Psicología do Deporte



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Servizos Colexiais



Mª del Carmen González Pais

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Fátima López Rodríguez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade / Coordinadora coa Sección de PTO



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Publicacións / Coordinador coa Sección de Psicología da Intervención Social



Marina Ortega Otero

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicología Xurídica



Socorro Rodríguez Holguín

Vogal / Relacións Académico-Profesionais



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Práctica privada / Coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador da Comisión para a Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo / Coordinador coa Sección de Psicología e Saúde

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 276 e sairá a principios do mes de marzo de 2019.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de febreiro de 2019.

5	Información Xeral
18	Información das Seccións
24	GIPCE
25	Grupo de Tráfico e da Seguridade
26	O Código Deontolóxico
28	Comisión Intersectorial de Deporte
28	Comisión Intersectorial de Xénero
29	Comisión de Cultura

Editorial

Por unha atención psicolóxica accesible

En 2004 constituíanse en Galicia os primeiros Servizos Comúns de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima nos Xulgados da Coruña e Pontevedra, e catro anos despois chegaban ao resto das sete cidades galegas. Unhas oficinas que, de acordo coa lexislación, debían proporcionar unha atención tamén no plano psicolóxico, pero que ata moitos anos despois, finais de 2017, non foi unha realidade.

Neste tempo, o Colexio reclamou por todas as formas posibles que se cubrise ese dereito da poboación, chegando a ser a única comunidade autónoma do Estado que non cumpría con este deber. Hoxe en día, por fin, hai atención psicolóxica nos xulgados galegos. Con isto queremos poñer un exemplo de que, se ben podemos contar con marcos legais moi garantistas, a realidade é ben distinta e o deber do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é manterse vixiante para que non se vexan conculcados os dereitos da cidadanía. É que de pouco serven as leis se non hai recursos para poder desenvolverlas debidamente.

Este exemplo poderíamos estendelo a múltiples ámbitos dos servizos públicos. Poderíamos falar do acceso á psicoloxía clínica

na sanidade pública; do clamoroso baleiro de profesionais da psicoloxía nos centros educativos; da precariedade -cando non ausencia- de psicólogos e psicólogas nos servizos sociais...

Por iso, este 2019 decidimos poñer o foco na accesibilidade á atención psicolóxica, para que poidamos contar con psicólogos e psicólogas suficientes nos concellos, nos hospitais, nos centros educativos, nos xulgados, nas escolas deportivas, nas organizacións, nas empresas ou nos centros de saúde, por exemplo. Porque unha sociedade que presume ser desenvolvida non pode ser tal se a súa cidadanía non pode acceder á atención psicolóxica.

Segundo a Enquisa Estrutural de Fogares que anunciaba recentemente o Instituto Galego de Estatística, 1 de cada 5 persoas residentes en Galicia está en risco de pobreza ou de exclusión social. O Instituto Nacional de Estatística publicaba a finais de ano que 323 persoas se suicidaran en Galicia en 2017.

Aumentaron sensiblemente as mortes por accidentes de tráfico. O consumo de antidepresivos en Galicia aumentou un cincuenta por cento en cinco anos e duplica, practicamente, á media española. Case unha de cada dez persoas en Galicia sufriu nalgún momento da súa vida algún trastorno mental vinculado ao consumo excesivo de alcohol, case o triplo respecto á media estatal. As denuncias por violencia de xénero incrementáronse na nosa Comunidade no que levamos de ano un 12,3%.

Son datos que nos lembran que Galicia precisa contar cunha atención psicolóxica garantida e accesible para a súa poboación, e que as súas circunstancias específicas nos obrigarían a ter uns recursos superiores a outros territorios para poder atender esas demandas específicas. E igual que resaltamos estes datos, poderíamos falar de atención temperá, de acoso escolar, de riscos psicosociais, de deporte, de trastorno mental grave, de envellecemento..., de tantos e tantos aspectos nos que a nosa profesión é necesaria e que contribúe á saúde e ao benestar das persoas e das comunidades.

Defendemos unha atención psicolóxica accesible, unha cuestión que vimos defendendo desde o mesmo nacemento deste Colexio, que herdamos e que esperamos superar no curto prazo. Porque ese é o mellor legado que podemos deixar, para a nosa profesión pero, especialmente, para toda a sociedade.

Relacións institucionais

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

- Asistiu a unha xuntanza coa secretaria xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, para tratar a aplicación de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o 8 de novembro.
 - Asistiu xunto co vogal da Xunta de Goberno, Víctor Torrado Oubiña, a unha xuntanza coa vicepresidenta 2^a do Parlamento de Galicia, voceira de Sanidade de En Marea, Eva Solla Fernández, para abordar os problemas e necesidades da psicoloxía clínica no Servizo Galego de Saúde (SERGAS), o 26 de novembro.
-



M^a Rosa Álvarez Prada

As persoas representantes nos Grupos de Traballo para a elaboración do Plan Estratéxico de Saúde Mental, mantiveron varias xuntanzas:

- Manuel Castro Bouzas, acudiu á primeira e á segunda reunión do Grupo de Traballo de Estigma, o 17 de outubro e o 20 de novembro.
 - Carmen Guimeráns Freijeiro, acudiu á primeira reunión do Grupo de Traballo «Atención e Coordinación na Abordaxe dos TUS», o día 24 de outubro.
 - José Eduardo Rodríguez Otero, asistiu á primeira reunión do Grupo de Traballo «Formación, Investigación e Innovación en Saúde Mental, o día 6 de novembro».
 - Delia Guitián Rodríguez, acudiu á cuarta reunión do Grupo de Traballo «Continuidade de Coidados: Modelos Comunitarios e de Recuperación», o 14 de novembro.
-



Carlos José Losada López

O representante do COPG no Consello Local de Saúde do Concello da Coruña, Carlos José Losada López, acudiu á sesión constitutiva do Pleno de dito Consello, que se celebrou o 30 de outubro na Coruña.

Xunto co vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo e a presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa, Manuela del Palacio García, mantivo unha xuntanza coa conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, Carmen Pomar Tojo, para abordar a psicoloxía educativa e a participación dos/as profesionais da psicoloxía no ensino público para atallar graves problemáticas como o son o fracaso escolar, bullying, ou as necesidades educativas especiais, o 10 de decembro.



Rosa Álvarez, Carmen Pomar, Hipólito Puente e Manuela del Palacio

A representante do COPG no Consello Galego de Benestar Social, M^a Leonor Galiana Caballero, acudiu á sesión do Pleno de dito Consello, celebrada en Santiago de Compostela, o 11 de decembro.

En representación do Colexio

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

- Participou nun documental sobre vivenda e desafiuamentos, que se realizou o 7 de novembro.
- Asistiu ás «Xornadas técnicas sobre delitos contra a integridade de sexual» organizadas polo Concello de Santiago de Compostela, que se celebraron en Santiago de Compostela os días 8 e 9 de novembro.
- Asistiu á xornada de debate «O antixitanismo: claves para previlo e combatelo», organizada pola Dirección Xeral de Servizos para as Familias e a Infancia, do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, xunto coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e o Consello Estatal do Pobo Xitano, celebrada en Santiago de Compostela o 13 de novembro.
- Mantivo unha xuntanza coa representante da Asociación «No Más Novatadas», contra as novatadas e o maltrato entre universitarios, Loreto González-Dopeso López, para tratar esta temática, celebrada o 13 de novembro.



M^a Leonor Galiana Caballero



Rosa Álvarez e Loreto González-Dopeso

- Asistiu ao acto «Conversas feministas, con Marcela Lagarde», organizado polo Concello de Santiago de Compostela, que se celebrou o pasado 19 de novembro.
 - Acudiu á III Xornada sobre Violencia de Xénero e a afectación dos fillos/as, celebrada en Castellón, o 29 de novembro.
-

Os membros do Grupo de Traballo de Psicoloxía Xurídica e Forzas da Seguridade da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, María Filomena Garrido Blanco, Andrea Abilleira Escudero, M^a Milagros Martínez García e Patricia Fernández Varela, asistiron presentando un traballo ao «XI Congreso (Inter)Nacional de Psicoloxía Xurídica e Forense» organizado pola Sociedad Española de Psicología Jurídica y Forense, que se celebrou en Granada do 1 ao 3 de novembro.



Olegaria Mosqueda Bueno

A colexiada Olegaria Mosqueda Bueno participou na Mesa Redonda «Mozos e redes sociais: da ciberviolencia á cibercultura» organizada polo Concello de Lugo e Centro Clínico 9, que se celebrou o 22 de novembro.

As terapeutas María Pienosos Linares e Áurea Losada Quinteiros participaron en representación do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) e do Programa de Atención Psicolóxica para Homes con problemas de Control e Violencia no Ámbito Familiar Abramós o Círculo, na xornada formativa «A prevención da violencia de xénero, un reto de todos/as» organizada polo Concello de Ares (A Coruña), desde o Centro de Información á Muller, con motivo da celebración do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero, que se desenvolveu o 26 de novembro.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

■ Xunto con M^a Concepción Rodríguez Pérez asistiu, ás «X Xornadas nacionais de psicoloxía contra a violencia de xénero: a intervención psicolóxica como facilitadora dos dereitos das vítimas de violencia contra as mulleres», organizadas polo Consejo General de la Psicología e o Colegio Oficial de Psicología de Navarra, que se celebraron en Pamplona os días 23 e 24 de novembro. Acudiron tamén á reunión da Área de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología que se celebrou tamén en Pamplona os días 23 e 24 de novembro.

■ Participou na «V Xornada de excelencia e innovación en psicoloxía», organizada por Psicofundación, xunto co Centro de Enseñanza Superior Cardenal Cisneros, celebrada en Madrid o 14 de decembro.

■ Acudiu á reunión da Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología, e á reunión de Psicofundación, celebradas o día 15 de decembro en Madrid. O día 16 de decembro asistiu ás reunións ordinaria e extraordinaria da Xunta Xeral do Consejo de la Psicología celebradas en Madrid.

O vogal da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Eduardo Martínez Lamosa, asistiu á «I Xornada da División de Psicoloxía da Saúde: construíndo psicoloxía, construíndo saúde», organizada polo Consejo General de la Psicología, e celebrada en Madrid o 27 de outubro.

A coordinadora da Comisión Intersectorial de Deporte do COPG, M^a Dolores González Fernández, asistiu o 27 de outubro á xuntanza da directiva da División de Psicoloxía do Deporte, organizada polo Consejo General de la Psicología e celebrada en Madrid.



Eduardo Martínez Lamosa



Directiva da División de Psicoloxía do Deporte



Mª Jesús López Cernadas

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Mª Jesús López Cernadas, acudiu ás «IV Xornadas nacionais de psicoloxía do envellecemento», organizadas polo Consejo General de la Psicología, e celebradas en Alicante os días 8 e 9 de novembro.



José Eduardo Rodríguez Otero

O presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, José Eduardo Rodríguez Otero, asistiu ás «II Xornadas da División de Psicoloxía Clínica e da Saúde», organizadas polo Consejo General de la Psicología, e celebradas en Madrid os días 16 e 17 de novembro. Participou tamén no «III Encontro Anual Interterritorial dos representantes da Área de Psicoloxía e da Saúde», organizado polo Consejo General de la Psicología, e celebrado en Madrid o pasado 17 de novembro.



Mª Dolores Seijo Martínez

A presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, Mª Dolores Seijo Martínez, acudiu ao «III Encontro Anual Interterritorial de Psicoloxía Xurídica», organizado polo Consejo General de la Psicología, celebrado en Madrid o 24 de novembro.

José Luis Domínguez Rey, vogal da Sección de PTO do COPG e membro da Directiva da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología, asistiu á reunión da Xunta Directiva da devandita División celebrada os días 29 e 30 de novembro na sede do COPG.

Directiva da División de
Psicoloxía do Traballo,
das Organizacións e dos
Recursos Humanos





Susana López Abella e
Mª Rosa Álvarez Prada

O Colexio de Psicoloxía e a Xunta de Galicia implantan un servizo pioneiro de quenda de garda psicolóxica para vítimas de violencia de xénero

O pasado 19 de novembro, a decana do Colexio Oficial de Psicoloxía, Mª Rosa Álvarez Prada, e a secretaria xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, asinaron un convenio de colaboración para a posta en marcha dun servizo pioneiro no Estado de garda psicolóxica especializada e permanente para as mulleres que sofren violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores de idade.

Trátase dun servizo de atención psicolóxica especializada que terá carácter inmediato e que se prestará a requirimento das forzas e corpos de seguridade en todos os partidos xudiciais galegos nos momentos posteriores a unha agresión ou situación violenta.

O COPG e a FEGAMP presentan a campaña #PoloBoTrato

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) presentou un ano máis a nova edición da campaña Concellos #PoloBoTrato: unha serie



Cartaz da campaña
Polo Bo Trato

de recomendacións e compromisos para combater o sexismo, fomentar a corresponsabilidade e loitar por unha igualdade real entre homes e mulleres. A FEGAMP pon á disposición dos 313 concellos e as 4 deputacións provinciais un cartel personalizable cun decálogo de actuacións elaborado polo COPG para aplicar no ámbito local e promover así unha cultura do bo trato, xunto con materiais para as redes sociais.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia denuncia a privación de tratamento psicolóxico á poboación infantoxuvenil da área da Coruña

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia expresa o seu absoluto rexeitamento e fonda preocupación polas decisións aprobadas polo Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña que deixaron a toda a poboación menor de 16 anos de seis concellos da área sanitaria da Coruña sen psicólogo/a clínico/a de referencia desde o mes de outubro. Ademais de supoñer unha discriminación inxustificada no catálogo de prestacións sanitarias para unha parte da poboación, preténdese suplantar o rol profesional do/a especialista en psicoloxía clínica ofrecendo un profesional que conta cunhas habilidades e unha preparación significativamente diferentes.

Ordenanza Municipal

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia enviamos as nosas consideracións do borrador proposto polo goberno municipal de Ourense a petición do partido Ourense en Común, para a futura ordenanza que busca regular o consumo de alcohol no espazo público.

Declaración institucional do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia expresamos a nosa absoluta solidariedade e o apoio coas familias e seres queridos das corenta e catro mulleres e tres menores asasinas a consecuencia da violencia de xénero, así como cos trinta e cinco nenos, nenas e adolescentes que se quedaron orfos e orfas a razón destes crimes.

Como profesionais da psicoloxía demandamos este compromiso de implicación e de coordinación, que aborde a violencia de xénero de forma integral, con políticas preventivas e de intervención psicolóxica desde as máis temperás idades, para poder erradicar as desigualdades sobre as que se asenta a violencia machista.



Declaración institucional
25N

Xornada «Implantación de protocolos de acoso nos lugares de traballo: campaña de información e prevención da violencia»

O 26 de novembro acollemos na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a xornada «Implantación de protocolos de acoso nos lugares de traballo: campaña de información e prevención da violencia». Esta xornada estivo organizada pola Asociación Galega de Profesionais da Auditoría Sociolaboral de



Xornada Implantación de
protocolos de acoso nos
lugares de traballo

Xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas organizacións (AGAXEN) e Unión Profesional de Galicia, do que forma parte o Colexio.

Foi impartida pola avogada, auditora sociolaboral e presidenta de AGAXEN, María Ángeles García Pérez.

Os/as profesionais da psicoloxía clínica reclaman a accesibilidade real aos tratamentos psicolóxicos no sistema público de saúde

A falta de accesibilidade real ao tratamento psicolóxico na sanidade pública galega foi a principal conclusión da xornada que o 1 de decembro se desenvolveu no Hospital de Oza da Coruña, con motivo do 20 aniversario da creación da especialidade de psicoloxía clínica, na que participaron os psicólogos e psicólogas clínicas da EOXI da Coruña, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a Asociación de Psicólogos/as Clínicos/as do SERGAS (APCS) e o Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM).



Xornada Psicoloxía Clínica no
SERGAS

Desde todos os colectivos intervinientes demandaron ás autoridades sanitarias «a inmediata subsanación desta situación» e animaron ás administracións locais destes concellos afectados a que esixan a restitución da prestación dos servizos de psicoloxía clínica suprimidos, así como ás familias para que presenten reclamacións para recuperar estes dereitos conculcados.

Por iso consideran imprescindible «un maior acceso aos tratamentos psicolóxicos en todos os niveis asistenciais (Atención Primaria, Atención Ambulatoria Especializada e Hospitalización) en todo o Servizo Galego de Saúde», xunto coa necesidade de que se poida derivar directamente desde Atención Primaria aos facultativos/as especialistas en Psicoloxía Clínica.

Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas

O día 11 de decembro celebrouse a sesión ordinaria da Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG, que, entre outros asuntos, aprobou os orzamentos para o exercicio de 2019.

Na xuntanza presentouse o informe sobre a actividade da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG en 2018. Nomeouse a Marta Rivas Rodríguez, G-3609 como secretaria, e a Susana Blanco Fernández G-3661, como vogal desta Comisión.

Nomeouse a Antonio González Fernández G-0491 como Valedor dos Colexiados e Colexiadas do COPG e a Miguel Pérez Pereira coa distinción de Colexiado de Honra do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, co que se busca significar a súa entrega e desenvolvemento á profesión da Psicoloxía en Galicia.

Benvida aos novos colexiados e novas colexiadas e 25º aniversario de colexiación

O día 11 de decembro, no marco da asemblea xeral tivo lugar o acto de benvida a novos colexiados e colexiadas, un encontro específico no que se achegaron os distintos servizos que ofrece o Colexio e se deron a coñecer os modos de participación colexial. Tamén interviu neste acto o valedor dos colexiados e colexiadas saínte, Elixio A. Domarco Álvarez, que informou do seu labor en prol da defensa dos dereitos e deberes profesionais da psicoloxía. Finalmente contamos coa participación da presidenta da Comisión de Ética e Deontoloxía, Ana Suárez Martínez, que realizou unha aproximación aos deberes deontolóxicos e ás responsabilidades civís e penais dos psicólogos e das psicólogas. Para finalizar, efectuouse un recoñecemento aos compañeiros e compañeiras que levan 25 anos de vida colexial para recoñecer o traballo daqueles psicólogos e psicólogas que chegan ao cuarto de século de vínculo coa profesión.



Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiados



Acto de benvida a novos colexiados e colexiadas



Recoñecemento polo 25 aniversario de colexiación

Fallo do XI Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia «Rosa de Cen Follas»

O 15 de novembro celebrouse a xuntanza do xurado do XI Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia «Rosa de Cen Follas», composto pola decana do COPG, M^a

Rosa Álvarez Prada, a coordinadora da Comisión de Cultura do COPG, M^a Concepción Rodríguez Pérez, a poeta Iolanda Aldrei e o xornalista de La Voz de Galicia Joel Gómez, para deliberar o fallo desta edición.


Na categoría narrativa resultou gañadora a obra *Salvamento* de Fernando González Iglesias, G-2935. A obra premiada en categoría poesía foi *Liberación* de María Carou López, G-1933.

O día 11 de decembro tivo lugar o acto de entrega de premios, no que a decana, M^a Rosa Álvarez

Prada, e o vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, fixeron entrega dos recoñecementos.



Entrega de premios
Rosa de Cen Follas



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

ASESORÍAS

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 690 846 782

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL E LABORAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

Información relativa ao Plan para a Protección da Saúde fronte as pseudociencias

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia compartimos a preocupación polo desenvolvemento do Plan para a Protección da Saúde fronte as pseudoterapias, xa que a nosa profesión conta cunha ampla vagaxe científica, con técnicas contrastadas e validadas para a súa aplicación. Ao mesmo tempo, a proliferación de pseudoterapias tamén nos inquieta, xa que permiten un intrusismo profesional por parte de persoas alleas á psicoloxía e atenta directamente contra os dereitos como usuarias, á vez que dana e desprestixia a imaxe da psicoloxía.

Por iso estamos a realizar un seguimento rigoroso de todo o relativo ao Plan. Efectivamente, pediron a participación dos colexios profesionais a través do Consejo General de la Psicología como interlocutor, ao tratarse dunha norma de rango estatal. Polo momento, en devandito plan non figura ningunha listaxe de técnicas que teñan a consideración de pseudoterapias por parte do Ministerio, se ben temos coñecemento de que están a circular documentos non oficiais con supostas técnicas psicolóxicas que estarían vinculadas coas pseudoterapias.

Ante a alarma suscitada, insistimos en que eses documentos **NON** son oficiais, xa que no propio Plan considérase como primeiro obxectivo a elaboración dun informe de avaliación de pseudoterapias.

A través do Consejo General de la Psicología xa solicitamos que se nos informe e se nos permita participar na valoración das técnicas de contido psicolóxico. En todo caso, ofreceremos puntualmente información de todos os avances que se produzan neste sentido e defenderemos os intereses da nosa profesión.



Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio:

<http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa>

<http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: [@copgalicia](https://twitter.com/copgalicia)

in LinkedIn: <https://www.linkedin.com/company/copgalicia>

CARNÉ DE COLEXIACIÓN

—
Pola defensa
da profesión

—
Pola loita contra
o intrusismo

—
Para outorgarnos forza
e representatividade
como colectivo



APELIDOS
NOME

G-7542
Número de colexiado/a

O teu número
de colexiación
ten moito valor
faino ver



Nome Apellido Apellido

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG, tendo como data límite o 15 de cada mes par.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

A Psicoloxía da Intervención Social está en pleno movemento e pensamos que debера estalo máis. As persoas que nos movemos dentro deste ámbito deberíamos mirar cara o que acontece ás persoas como entes individuais pero tamén como sociedade; como consecuencia, deberíamos estar ao día na información pero tamén na formación.

O 15 de decembro, no marco da asemblea de socios e socias da Sección, celebrouse no Colexio o obradoiro «Mellora do benestar de persoas con demencias a través do manexo adecuado das alteracións da conduta. Centrándonos na persoa, non na alteración», organizado pola Sección de Psicoloxía da Intervención Social e impartido por Cristina Buiza Bueno e no que se traballou en estratexias non farmacolóxicas prácticas coas que abordar as alteracións de conduta que frecuentemente aparecen en persoas con demencia, desde unha perspectiva centrada na persoa.

En Galicia estamos a vivir situacións persoais e sociais que requiren da nosa profesión cada vez máis e sen embargo non acabamos de ver a ampliación de plantillas de profesionais traballando en cada eido que nos incumbe.

Fixémonos en primeiro lugar nos datos de violencia, en especial a violencia vinculada ao xénero, tamén nos datos de pobreza infantil ou no incremento das desigualdades, sen esquecer os datos de aparición de novas adiccións e no aumento de consumo de drogas.

Fixémonos na pirámide poboacional; estamos esquecendo a prevención na vellez como etapa da vida e estamos deixándonos levar pola inercia da intervención moi insuficiente incluso nos casos de dependencia.

Pero fixémonos tamén no incremento do uso de redes sociais co que implica no ámbito relacional das persoas, das novas formas de creación de vínculos afectivo-emocionais ou pseudoafectivos.



Obradoiro Mellora do benestar de persoas con demencias a través do manexo adecuado das alteracións da conduta. Centrándonos na persoa, non na alteración

En todos estes ámbitos, o traballo da Psicoloxía da Intervención Social é imprescindible unha vez que non se estivo na prevención e é precisa a intervención.

Desde a Sección de Psicoloxía da Intervención Social sabemos que o campo de traballo está a ampliarse en progresión xeométrica; xa non abunda con que esteamos presentes nos concellos, nas asociacións ou ONGs senón que debemos estar no día a día comunitario de veciños e veciñas, grupos xuvenís e organizacións políticas.

Creemos que facemos moita falta nos lugares onde se elaboran estratexias para as familias, a xuventude, as persoas adultas e as persoas maiores e non só para intervir (dependencia, diversidade funcional, familias e grupos disfuncionais, etc.) senón tamén, e sobre todo, para previr e contribuír a formar unha sociedade de presente e futuro onde as inxustizas desde económicas a sociais non teñan cabida.

Para poder estar con pleno dereito deberemos contar con preparación profesional; non esquezades solicitar formación sempre que atopedes lagoas no voso día a día profesional. Calquera achega será agradecida.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/intervencion-social>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

XXIII Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde

Os días 23 e 24 de novembro celebráronse no Centro Cultural Casino do Carballiño (Ourense) as XXIII Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, baixo o título «Das vellas tecnoloxías ás tecnoloxías emerxentes: a dixitalización das contornas e das relacións».

A conferencia inaugural foi impartida por Jaime del Barrio Seoane (presidente da Asociación Salud Digital), quen falou da situación actual e das perspectivas futuras da dixitalización no eido da saúde.

Ao longo das distintas conferencias e mesas presentadas, as persoas participantes tiveron a oportunidade de reflexionar sobre a utilidade das novas tecnoloxías e das tendencias dixitais emer-



Acto inaugural das XXXIII Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde

xentes na abordaxe da saúde mental, dos aspectos xurídicos e deontolóxicos asociados, das novas vías de comunicación entre os/as profesionais, dos aspectos máis negativos e a relación entre a tecnoloxía e os trastornos mentais, etc.

Como peche, a conferencia de clausura correu a cargo de Ana Calero Elvira (directora da Clínica Universitaria do Centro de Psicoloxía Aplicada da UAM), que versou sobre o impacto das tecnoloxías emerxentes na psicoterapia.

As Xornadas tamén foron a ocasión de presentar o novo número do Anuario da Sección, titulado «O humor».

Paula Marcos Carregal recibiu o premio ao mellor póster, titulado «Unha experiencia práctica: terapia de grupo de adolescentes, unha intervención integradora». Pola súa banda, Carlos Álvarez García foi o gañador do premio á mellor comunicación libre, pola súa exposición titulada «O estrés psicosocial e a súa influencia na sintomatoloxía ansioso-depresiva en pacientes atendidos nunha Unidade de Saúde Mental».

Finalmente, durante as Xornadas celebrouse tamén a Asemblea Xeral de Socios e Socias da Sección de Psicoloxía e Saúde.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E EDUCATIVA

Formación

O día 22 de novembro celebrouse a xornada «A convivencia nos centros educativos é tarefa de toda a comunidade». As relatoras foron Manuela del Palacio García, presidenta da Sección e xefa do Departamento de Orientación do IES San Tomé de Freixeiro en Vigo; M^a Begoña Castro Iglesias, tesoureira da Sección e representante na Comisión Intersectorial de Xénero do COPG e xefa do Departamento de Orientación do CEIP Barrié de la Maza en Santa Comba (A Coruña); e Ana M^a Ulloa Lage, vicepresidenta da Sección e representante na Comisión Intersectorial de Mediación do COPG e xefa do Departamento de Orientación no IES Chamoso Lamas no Carballiño (Ourense).



Xornada A convivencia nos centros educativos é tarefa de toda a comunidade

*Ligazón ao apartado da
Sección de Psicoloxía e
Saúde da páxina web do
COPG: [https://copgalicia.
gal/seccions/educativa](https://copgalicia.gal/seccions/educativa)*

Manuela de Palacio García fixo a súa exposición baixo o título «Axúdalle fronte o acoso escolar. Guía para as familias e protocolos de prevención e intervención no ámbito educativo». M^a Begoña Castro Iglesias fixo «Unha revisión crítica do acoso escolar en Galicia» coa exposición dun caso atípico e Ana M^a Ulloa Lage versou o seu relato sobre «A mediación na resolución de conflitos».

A xornada celebrouse no Salón de Actos do COPG en Santiago de Compostela e o seu obxectivo principal foi poñer de manifesto que a convivencia nas comunidades educativas é unha tarefa complexa, na que, a Psicoloxía Educativa ten un papel fundamental e contribúe enormemente tanto a nivel preventivo como de intervención. Fíxose unha análise rigorosa e detallada da situación en Galicia aportando solucións ante os conflitos que xorden nas relacións cotiás nos centros educativos.

Foi unha xornada moi participativa e moi satisfactoria para todas as persoas asistentes.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Organizacións e Recursos Humanos: axenda compartida coa División PTORH

O pasado mes de novembro, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia foi o anfitrión da reunión ordinaria da Xunta Directiva da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología, que agrupa a todos os colexios profesionais de psicoloxía do conxunto do Estado. Ao longo das diferentes sesións de traballo celebradas durante o xoves 29 e o venres 30, identificáronse espazos de colaboración e proxectos específicos a desenvolver nos próximos anos. Entre outras cuestións, abordouse –conxuntamente coa Xunta Directiva da Sección–, a renovación do perfil profesional PTO e os seus ámbitos de actuación, o certificado EuroPsy Especialista en PTO, o futuro curso do FOCAD sobre a Intervención PTO nos espazos de traballo saudables, e a

crecente demanda de psicólogas e psicólogos do traballo no ámbito da tecnoloxía.

Precisamente, a configuración de novos roles profesionais no marco da innovación tecnolóxica centrou o II Encontro de psicoloxía e tecnoloxía: innovación tecnolóxica e roles profesionais, que tivo lugar na Facultade de Psicoloxía o 1 de decembro. Contouse coa presenza de Marco A. Piña Sánchez, director de vendas de *Nuance Communications* para o Sur de Europa, quen presentou a experiencia da súa empresa como líder mundial en sistemas de recoñecemento de voz e de automatización das relacións humanas coas máquinas, destacando a necesidade que as empresas tecnolóxicas teñen de contar con profesionais da psicoloxía. De seguido, Julio González Morandeira, vogal de innovación e tecnoloxía da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, centrouse no reto tecnolóxico para a psicoloxía, valorando aspectos como a identificación de novos espazos profesionais, as achegas da psicoloxía en dispositivos, aplicacións ou mesmo na robótica, sempre co eixo central das relacións entre as tecnoloxías e o ser humano. A última intervención correu por conta da asesora xurídica do COPG, Cecilia Barros Díaz, que se centrou na importancia da ética no uso das tecnoloxías.



Directiva da División de PTORH con membros da Sección PTO



II Encontro de psicoloxía e tecnoloxía

Colaboración coa Confederación de Empresarios da Coruña

A sección, en colaboración coa Confederación de Empresarios da Coruña (CEC), desenvolveu o venres 14 de decembro na sede da CEC na Coruña un seminario sobre a avaliación dos riscos psicosociais no traballo. Esta actividade, que contaba coa financiación da Fundación Estatal para a PRL, tivo como obxectivo principal amosar a necesidade, conveniencia e beneficios das avaliacións de riscos psicosociais. Foi impartido por Carlos Montes Piñeiro, presidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, quen, a través dunha metodoloxía participativa, realizou un percorrido sobre as áreas a explorar no



Carlos Montes Piñeiro

proceso de avaliación remarcando a importancia de contar con equipos interdisciplinarios nos que estean integrados psicólogas e psicólogos do traballo.

Ao longo das catro horas que durou a sesión formativa, establéronse pautas e ferramentas para facilitar a xestión do risco psicosocial. En concreto, partindo do recoñecemento e identificación de diferentes situacións de risco, suxeríronse estratexias para deseñar e aplicar plans para o seu control e comprobar os resultados obtidos, en consonancia coa aplicación de estratexias de resolución de problemas.

Xestión das emocións en contornos organizacionais

O grupo de traballo «Xestión das emocións en contornos organizacionais», constituído en 2017 a iniciativa da Xunta Directiva da División de PTORH, publicou recentemente as súas primeiras contribucións orientadas a elaborar e desenvolver unha metodoloxía que permita identificar e xestionar eficazmente as emocións nos diferentes escenarios e espazos de traballo. O contido dos traballos pode consultarse en INFOCOP:

- Álvarez, V., Aranda, I., Fuertes, A. García, R., Gogénola, B., Martínez, D., Montes, C., Pacheco, A., Sánchez, E. y Santos, C. (2018). ¿Qué se entiende por emociones en los entornos organizacionales? *Infocop Online*. Recuperado de http://www.infocop.es/view_article.asp?id=7762&cat=54
- Pacheco, A., Sánchez, E., Santos, C., Álvarez, V., Aranda, I., Fuertes, A. García, R., Gogénola, B., Martínez, D., y Montes, C., (2018). Los niveles emocionales implicados en las organizaciones. *Infocop Online*. Recuperado de http://www.infocop.es/view_article.asp?id=7832&cat=54

Este grupo de traballo, no que o COPG está representado a través de Antonio Fuertes Saavedra e Carlos Montes Piñeiro, ten como obxectivo principal poñer en valor o papel da Psicoloxía na xestión das emocións no ámbito laboral.

Se traballas no ámbito da Psicoloxía do Traballo, das Organizacións ou dos RRHH e desexas afiliarte á Sección de PTO, podes facelo empregando o formulario que atoparás na páxina web do Colexio, ou contactando directamente co Departamento de Administración do COPG.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/secciones/traballo-e-das-organizacions>

Formación interna

O ano 2019 comezarámoslo cunha formación sobre «A intervención psicolóxica en casos de conduta suicida». Esta actividade irá dirixida a membros do GIPCE e contará coa acreditación de interese sanitario da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Desenvolverase entre a tarde do día 1 e a mañá do 2 de febreiro e a súa duración será de 8 horas.

O curso será impartido por M^a Teresa Reijas Ruiz, psicóloga clínica do Servizo Galego de Saúde, Amparo González García, enfermeira especialista en saúde mental e Marina González González, facultativa especialista na área de psiquiatría do Complejo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO). Todas elas son integrantes do Programa de Intervención Intensiva en Conducta Suicida desenvolvido polo CHUO.

Informacións

O día 6 de novembro desenvolveuse un simulacro no aeroporto de Alvedro (A Coruña) e nel participaron os GIPCEs Diego Antelo Guerra, Laura Abad Saavedra, Isabel Ponte Rey e Elsa Rodríguez Viña, coordinados por compañeira Elena González Cid. A emerxencia debíase ao accidente dunha aeronave no recinto aeroportuario, sendo necesario activar o nivel 2 do PLATERGA.

O traballo das nosas compañeiras e compañeiro dividiuse en diferentes escenarios. Por un lado atención ás familias dos pasaxeiros/as, por outro intervención coas familias da tripulación e tamén se fixo unha intervención individualizada cun tripulante.

O día 15 de decembro tivo lugar unha reunión informativa para os novos e novas integrantes do GIPCE. Nesta ocasión convocáronse 20 compañeiros e compañeiras. Ana Isabel Martínez Arranz, como coordinadora do GIPCE, e Lorena Nieto Iglesias, como membro da comisión coordinadora, foron as encargadas de explicarlles os aspectos máis relevantes da estrutura e funcionamento do Grupo.

**GRUPO DE
INTERVENCIÓN
PSICOLÓXICA EN
CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS
(GIPCE)**

*Ligazón ao apartado do
GIPCE da páxina web do
COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>*

GRUPO DE TRÁFICO E DA SEGURIDADE

Colaboracións

O día 16 de novembro M^a Jesús Sánchez Peteiro e Eva Muíño Gómez participaron, xunto con Rafael Araújo (xefe de Seguridade Viaria da DGT en Coruña), na charla «Epilepsia e condución» organizada pola Unión Galega de Epilepsia (UGADE) na que responderon ás preguntas que realizaron as socias e socios en relación aos trámites e restricións que recolle a normativa relacionada coa condución. Esta charla foi coordinada por Mercedes Luaces Lestón, psicóloga da Asociación.



Charla Epilepsia e condución

Formación

O 17 de novembro desenvolveuse a sesión formativa «Amaxofobia, formas de abordaxe». Coa asistencia de corenta compañeiras e compañeiros, a xornada resultou moi interesante non só en canto ao desenvolvemento axeitado senón tamén en canto ás cifras que se barallaron por parte dos relatores: máis dun 35% das condutoras e condutores padecen esta alteración e en moitos casos pasan máis de dez anos sen conducir. Neste sentido formouse un grupo de traballo para estudar un formato de colaboración para redirixir este tipo de demandas que chegan ás autoescolas.



Sesión formativa Amaxofobia, formas de abordaxe

Programas: Psicovial e Xornadas de Concienciación

Continuase co desenvolvemento do programa Psicovial en Santiago de Compostela, que rematará a comezos de 2019. En novembro rematou o segundo grupo de Xornadas de Concienciación en Ferrol.

Regulamento Interno do Grupo de Tráfico e da Seguridade

Convidamos os colexiados e colexiadas con interese en formar parte do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, a que formalicen o seu acceso. Só compre asinar certos compromisos vinculados ao Regulamento Interno do Grupo (Anexo III), ao que se pode acceder a través do seguinte enlace

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/regulamento_grupo_trafico_seguridade.pdf


División de Tráfico e da Seguridade

O 27 de novembro resultaron electos tres membros para formar parte da directiva da División de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do Consejo General de la Psicología: M^a Cristina Iglesias Fernández, Jerónimo Acosta Quintero e María Asunción Tárrago Ruiz. Asemade, a Xunta Directiva completouse con dous membros elixidos o 15 de decembro pola Xunta Xeral do Consejo General de la Psicología, a proposta dos Colexios: Lorenzo Gil Hernández (COP Tenerife) e Eva Muíño Gómez (COP Galicia).

Así pois, comeza a andadura da primeira directiva da División coa ilusión e compromiso de traballar polo desenvolvemento deste ámbito, empezando coa presentación na DGT dun escrito de demanda de intervención na avaliación psicolóxica das persoas que usen VMP (vehículos de mobilidade persoal), co obxecto de que se teña en conta para a elaboración dos cambios na normativa relacionada.

Animamos ás colexiadas e colexiados a participar dos proxectos da División, inscribíndose á mesma. O procedemento e requisitos para a inscrición atópanse no seguinte enlace da web do Consejo General de la Psicología: <https://www.cop.es/index.php?page=PSTYS-Formulario>

*Ligazón ao apartado do
GIPCE da páxina web do
COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/trafico-e-seguridade>*



O CÓDIGO DEONTOLÓXICO

- Evita situacións confusas, nas que o teu rol sexa ambiguo ou confuso.
- Non te atribúas titulacións que non posúas.

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA



Ligazón ao apartado
da Comisión de Ética e
Deontoloxía da páxina web
do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/comision-de-etica-e-deontoloxia>

En relación coa atención psicolóxica a menores vítimas de violencia de xénero, informamos das implicacións da aprobación e publicación do Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, agora en tramitación como Proxec-to de Lei.

O artigo 156 do Código Civil esixía para todos os supostos o consentimento de ambos ostentadores da patria potestade para que os seus fillos e fillas puidesen recibir asistencia e atención psicolóxica.

Pois ben, a normativa antes referida, na súa Disposición final segunda engade un parágrafo ao artigo 156 do Código Civil, establecendo a tan necesaria e importante excepción de que nos supostos descritos na modificación engadida, bastará o con-sentimento do/a proxenitor/a que sexa vítima ou que actúe en representación do menor vítima. Así en concreto: *«Ditada unha sentenza condenatoria e mentres non se extinga a responsabi-lidade penal ou iniciado un procedemento penal contra un dos proxenitores por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade e indemnidade sexual dos fillos ou fillas comúns me-nores de idade, ou por atentar contra o outro proxenitor, bastará o consentimento de este para a atención psicolóxica dos fillos e fillas menores de idade, debendo o primeiro ser informado pre-viamente. Se a asistencia houbera de prestarse aos fillos e fillas maiores de 16 anos precisarase en todo caso o consentimento expreso de estes»*.

Podes consultar o texto íntegro do Real Decreto-lei no seguinte enlace:

https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2018-11135.

É importante resaltar que aínda que non se requira consenti-mento, segue a ser imprescindible que o outro proxenitor estea informado. O que non se precisa é o consentimento do feito da atención psicolóxica así como os datos do psicólogo/a que vai facer a intervención, para dar cumprimento ao disposto no artigo 42 do Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a.

Á falta de desenvolvemento normativo e xurisprudencial sobre esta modificación, este Colexio recomenda a máxima prudencia dos colexiados e colexiadas á hora de utilizar esta excepción.

O pasado 9 de novembro celebrouse a reunión de constitución da nova Comisión Intersectorial de Psicoloxía e Deporte, na que se definiron as liñas de traballo do vindeiro ano 2019.

Infórmase que o prazo para a presentación da solicitude da Acreditación Nacional de Psicólogo/a experto/a en Psicoloxía do Deporte do Consejo General pola vía extraordinaria ampliouse ata o 1 de decembro de 2019.

COMISIÓN INTERSECTORIAL DE DEPORTE



*Ligazón ao apartado da
Comisión Intersectorial de
Deporte da páxina web do
COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/psicologia-do-deporte>*

Comisión Intersectorial de
Psicoloxía e Deporte

Concurso artístico «Pola igualdade 2018»

A Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia resolveu os traballos premiados no Concurso Artístico «Pola Igualdade 2018»:

Modalidade cartaz:

1º Premio (1º-2º ESO): «Darama azul». De Laura Brea Ageitos, alumna do Colexio Plurilingüe Jaime Balmes de Noia (A Coruña).

1º Premio (3º-4º ESO): «Sen norte». De Damián Comesaña Fernandes, alumno do IES Xograr Alfonso Gómez de Sarria (Lugo).

Modalidade fotografía:

1º Premio (1º-2º ESO): «Érika». De Érica Doel Vilela, alumna do Colexio Concertado Divino Maestro de Lugo.

1º Premio (3º-4º ESO): «Aghua de mel». De Isabel Touriñán Canosa, alumna do IES Agra de Raíces de Cee (A Coruña).

COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO

Ligazón ao apartado da Comisión Intersectorial de Xénero da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/intersectorial-de-xenero>

Por outra banda, desde a Comisión Intersectorial de Xénero do COPG queremos abrir unha reflexión en especial sobre a sensibilidade que deben ter os medios de comunicación á hora de abordar os temas de sufrimento interno coma o ocorrido en días pasados sobre a morte dun bebé ao decidir os seus pais dar a luz na casa. Unha situación que debería ser analizada desde os diferentes ámbitos con maior rigor e cercanía aos pais.

COMISIÓN DE CULTURA

Encontro «Vozes contra a Violencia!»

O 27 de novembro, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organizou no Auditorio de Galicia, o encontro «Vozes contra a Violencia!».

Un encontro de voces poéticas, musicais e artísticas en xeral, arredor do Día Internacional contra a violencia machista na que participaron Clara Pino, Miguel Alonso, Iolanda Aldrei, José Manuel Barbosa, Petri Daza, Luz Fandiño, Verónica Martínez, Ro Palomera, Irene Quinteiro, Iria Rodríguez, Concha Rousia...



Ligazón ao apartado da Comisión de Cultura da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/cultura>

Encontro Vozes contra a Violencia

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas

«SERVIZOS AOS PROFESIONAIS DA PSICOLOXÍA COLEXIADOS E COLEXIADAS»

Publicacións informativas, servizo de préstamo de material e fondo documental.

- Circular Informativa.
- Cadernos de Psicoloxía.
- Material de avaliación psicolóxica.
- Servizo de biblioteca na sede do COPG e da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Información sobre seguros e ofertas para os profesio- nais da psicoloxía colexiados e colexiadas.

- Seguro de responsabilidade civil coa correduría Broker's 88 a través de Markel, para a contratación do seguro máis económico.
- Seguro de vida e accidentes de saúde con MAFPRE.
- Seguro de asistencia sanitaria con ASISA E SANITAS.
- 10% de desconto nos aloxamentos de:
TusCasasRurais.com,
Hotelius Club e Oca Hoteis.

Oferta formativa, emprego e servizos profesionais.

- Programa formativo anual con axuda ás persoas desempregadas.
- Información laboral, distribución de ofertas formativas e información de convocatoria de oposicións.



UNHA OLLADA SOBRE A VIOLENCIA

TEMPO DA PSICOLOXÍA 2019

A psicoloxía é unha ciencia que promove a saúde e o benestar das persoas e das comunidades. Cada vez ten un peso máis importante na sociedade e conta con maior prestixio social, aínda que existe un certo descoñecemento sobre moitos dos ámbitos da aplicación.

Por iso, pensando na divulgación social da psicoloxía e para a mellorar o seu grao de coñecemento entre a sociedade, como potenciais beneficiarios, a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deseñamos unha semana para o debate e a reflexión cun marcado carácter social.

Trátase de «Tempo da Psicoloxía», un evento dirixido á cidadanía en xeral que nace con vocación de continuidade e que en cada edición se centrará nunha temática. Nesta primeira edición, a temática central será **A VIOLENCIA**.

«Tempo da Psicoloxía 2019» terá lugar entre o 18 e o 21 de febreiro no Auditorio Abanca (excepto a do xoves 21, que será na Facultade de Psicoloxía da USC). Todas as palestras serán de acceso libre a toda a cidadanía salvo a última, que estará reservada só á comunidade académica.

PROGRAMA 2019

18/02. *Violencia no deporte*

- > M^a Dolores González, psicóloga deportiva.
- > David González, adestrador de fútbol.
- > Vero Boquete, futbolista profesional.
- > José Ramón Lete, secretario xeral de Deporte da Xunta de Galicia.

19/02. *Violencia nos centros de ensino*

- > Hipólito Puente, psicólogo educativo.
- > Fernando Lacaci, vicepresidente da Federación Anpas Galegas.
- > M^a Isabel Ruso, presidenta da Asociación de Directivos de IES de Galicia.
- > José Fernando Carrasco, inspector de Educación da Xunta de Galicia.
- > Carmen Pomar, conselleira de Educación.

20/02. *Violencia no ámbito da familia*

- > Mónica Permy, presidenta da Fundación Meníños.
- > José Manuel Oreiro, psicólogo da Oficina de Atención á Vítima da Coruña.
- > Paz Filgueira, xuíza de Familia de Vigo.
- > Concepción Fernández, concelleira de Políticas Sociais do Concello de Santiago de Compostela.

21/02 *Violencia de xénero* (Conferencia no marco do Día da Psicoloxía da USC).



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10 Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio

De luns a xoves de 9.00 a 20.00 horas

Venres de 9.00 a 15.00 horas

Redes sociais



Facebook:
www.facebook.com/copgalicia



Twitter: @copgalicia



LinkedIn: www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicología de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociaciones Profesionales
de Psicólogos